



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A MELLORA DA DIFUSIÓN DA OFERTA CULTURAL, DEPORTIVA E DE LECER DE CUNTIS

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Marinez López, na nosa condicións de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De todos/as é coñecida a dinamización social, cultural, deportiva e de lecer que caracteriza o noso municipio. Cuntis conta cun gran número de entidades veciñais que promoven ao longo do ano unha gran oferta de actividades que complementa e amplía a que ofrece o Concello. A oferta é múltiple pero obsérvase unha falta de coordinación na súa difusión, o que dificulta que veciños e veciñas tanto da vila como do rural accedan a unha información completa que lle poida reportar aos propios/as organizadores de cada actividade mesmo maior participación nas mesmas. As limitacións organizativas de cada colectivo e mesmo a duplicidade na programación xera dificultades á hora de facer chegar toda a oferta ao conxunto da poboación. Unha boa articulación debera comezar, sen dúbida, pola coordinación na súa difusión. Sería un bo punto de partida para a posta en valor de actividades merecentes de maior difusión e participación.

Cuntis presenta claras deficiencias neste eido. Os medios dos que dispón o Concello oscilan entre a non difusión das actividades e a non actualización. Páxinas web, redes sociais e boletíns impresos limítanse, no mellor dos casos, a informar de maneira puntual de programas concretos de cada área, sen difundir nin tan sequera actividades nas que o Concello de Cuntis colabora ben sexa de maneira directa (incluso economicamente) ou indirectamente. Nesta situación pódese falar de desamparo informativo no relativo á difusión da oferta de lecer, cultural e deportiva da que dispón o noso municipio. Bótase en falta a referida coordinación na difusión das actividades nas que o Concello de Cuntis, e polo tanto a administración local con recursos públicos, participa ou ten presenza. Co máximo respecto á autonomía de cada entidade, toda aquela actividade apoiada con fondos públicos debera tamén ter o soporte informativo da administración local para facilitar a participación veciñal na medida do posible.

Por todo o exposto, propoñemos a posta en marcha de métodos que aglutinen a difusión da oferta cultural, deportiva, festiva e de lecer de Cuntis a partires dos seguintes ACORDOS:

1. A creación dun boletín informativo mensual que aglutine toda a oferta cultural, deportiva e de lecer do municipio, tanto aquela que parta da iniciativa municipal como a que mediante a organización por parte doutras entidades conte co apoio (directo ou indirecto) da administración local. Esta difusión levarase a cabo aproveitando todos os formatos dispoñibles: papel, dixital, redes sociais, envío postal, etc.
2. A posta en marcha dunha web municipal útil, funcional e dinámica ao servizo das entidades e colectivos sociais que traballan na organización de actividades ao longo do ano.
3. Incorporar nas actividades que organice o Concello de Cuntis un sistema de enquisas para poder obter suxestións de mellora por parte dos/das participantes.

Cuntis, 26 de outubro de 2016

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López

